

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 24 DE OUTUBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a concesión do título de embaixador de honra do Camiño de Santiago.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan Trabe: modernización tecnolóxica dos servizos sociais.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Organización Mundial do Turismo (OMT), a Secretaría de Estado do Turismo e a Axencia Turismo de Galicia para a organización do primeiro Congreso internacional sobre peregrinacións e turismo que terá lugar en Santiago de Compostela no mes de setembro de 2014, por importe de douscentos setenta e un mil novecentos vinte e oito euros (271.928 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra: colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Barcala. Negreira – A Baña (A Coruña). Fase I, clave OH.315.1000, por unha contía de seis millóns seiscientos un mil trescentos cincuenta e seis euros con noventa e sete céntimos (6.601.356,97 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Lourenzá para a xestión do centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, por un importe total de vinte mil euros (20.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Xinzo de Limia para a xestión do centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, por un importe total de vinte mil euros (20.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Agolada para a xestión do centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, por un importe total de vinte mil euros (20.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Protocolo de identificación e sinatura electrónica da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Informe sobre a situación da sede electrónica da Xunta de Galicia desde a súa posta en marcha e principais novidades.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a posta en marcha do servizo REDEXGA.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DO TÍTULO DE EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *Con este decreto preténdese recoñecer o labor daquelas persoas que se distinguiran pola súa contribución ao coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago, da cultura e dos valores xacobeos*
- *O título de embaixador de honra do Camiño de Santiago poderá outorgarse a aquelas persoas que teñan sido nalgún momento peregrinos ou a aquelas entidades que favorecesen o coñecemento e a divulgación de calquera das rutas xacobeas e a promoción dos valores asociados ao Camiño*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se regula a concesión do título de embaixador de honra do Camiño de Santiago. O decreto pretende recoñecer o labor das persoas –físicas ou xurídicas- distinguidas pola súa contribución ao coñecemento e á divulgación do Camiño de Santiago, da cultura e dos valores xacobeos.

Segundo se especifica no decreto, existirán dúas categorías de embaixador de honra. Unha delas, a título persoal, e a outra categoría, de carácter institucional. Poderán concederse como máximo oito títulos de embaixador de honra en cada categoría correspondentes ao número das oito rutas históricas do Camiño de Santiago.

A presentación de propostas de candidatos para o título poderá realizarse ao longo de todo o ano e os embaixadores comprometeranse a colaborar na programación anual da Xunta de Galicia, con polo menos unha acción ou actividade para a divulgación dos valores humanos e sociais, culturais e espirituais do Camiño de Santiago.

Segundo se establece no texto, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia fará entrega o 23 de outubro de cada ano, nun acto solemne, do título de carácter exclusivamente honorífico.

As principais vías do Camiño de Santiago foron declaradas primeiro itinerario cultural Europeo en 1987 polo Consello de Europa. De igual modo, os trazados ao longo de España foron declarados patrimonio da humanidade pola UNESCO en 1993.

OS CENTROS SOCIOSANITARIOS PÚBLICOS E CONCERTADOS PODERÁN ACCEDER Á HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA SANITARIA

- *O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se modifica o Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica*
- *Auméntase a capacidade de actuación da Administración sanitaria para a protección da saúde pública, ao permitir consultala por razóns epidemiolóxicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica. O principal obxectivo desta modificación é facilitar o acceso á historia clínica dos pacientes que residen ou están ingresados nos centros sociosanitarios públicos ou concertados por parte dos profesionais sanitarios que realizan neles o seu labor asistencial.

Estes centros incorporarán á historia clínica electrónica a documentación clínica xerada pola asistencia sanitaria prestada. Deste xeito garántese a continuidade asistencial para este colectivo de pacientes especialmente vulnerables e ao cal se están a dirixir moitas iniciativas por parte das consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar.

Desde o mes de agosto estase a pilotar esta integración asistencial na Residencia Volta do Castro, en Santiago, con resultados moi favorables; polo tanto, o obxectivo da Xunta é que antes de fin de ano todos os centros sociosanitarios públicos que dispoñan de persoal sanitario poidan acceder e escribir toda a información clínica dos pacientes na súa historia clínica electrónica.

O novo texto normativo recolle tamén a regulación do acceso que poderán realizar os traballadores sociais do Servizo Galego de Saúde á historia clínica, recoñecéndolles a posibilidade de rexistrar a súa actividade nos epígrafes correspondentes a aspectos sociais e sociosanitarios da historia clínica.

Protección da saúde pública

Doutra banda, a modificación do decreto permitirá que, para a prevención dun risco ou perigo grave para a saúde da poboación, as administracións sanitarias poidan acceder aos datos identificativos dos pacientes por razóns epidemiolóxicas ou de protección da saúde pública.

Desta maneira mellóranse as medidas encamiñadas cara unha adeuada protección da saúde con base na información contida na historia clínica electrónica, ao mesmo tempo que se garante que os datos se xestionarán con absoluto respecto aos dereitos en materia de protección de datos.

Por último, no texto recóllese a actualización legal que obriga a que se facilite a información completa da historia clínica electrónica -coa unificación dos datos identificativos e os clínico-asistenciais- cando a autoridade xudicial o considere imprescindible e así o solicite.

Usos e accesos da historia clínica electrónica

O Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica recolle as normas de acceso a esta atendendo á lexislación vixente e aos distintos perfís profesionais que, no desenvolvemento da súa actividade profesional, colaboran na elaboración da historia clínica ou requiren acceso á información que se contén nela.

Mediante este decreto defínese que é a historia clínica e garántense os usos e accesos a ela, mantendo un equilibrio entre as necesidades de acceso dos profesionais para garantir unha atención sanitaria adecuada e o dereito á protección dos datos dos cidadáns recollidos na historia clínica.

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS NA MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS SERVIZOS SOCIAIS PARA INCREMENTAR A COBERTURA E A CALIDADE ASISTENCIAL CUNHA XESTIÓN MÁIS EFICAZ

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Trabe para a implantación efectiva das TIC nesta área*
- *Crearase un sistema integrado de intercambio de información entre os sistemas sociosanitario e as administracións local e autonómica*
- *É o paso imprescindible para implantar a historia social única do usuario, que se integrará coa historia clínica*
- *A xestión centralizada desta información permitirá predicir necesidades e desenvolver políticas de prevención*
- *A integración das TIC na xestión sociosanitaria é clave para conseguir un aforro anual de arredor de 30 millóns nos servizos sanitarios e de 4 millóns nos servizos sociais*
- *Modernizaranse os sistemas de xestión dos servizos comunitarios para reducir custos administrativos e prazos de tramitación e facilitar o labor dos preto de 30.000 profesionais deste área na Comunidade*
- *Implantarase unha plataforma de teleasistencia social que favoreza a permanencia no fogar dos usuarios e o atraso do seu ingreso en centros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais. Dotado cun orzamento de 8 millóns de euros é un instrumento de apoio á planificación estratéxica deste área clave para a Comunidade, que xestiona a atención e as prestacións de máis de 1,6 millóns de galegos.

Coa integración das TIC na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir á sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda que está en aumento. Ademais, a modernización da xestión permitirá reducir tarefas administrativas e prazos de tramitación.

Para conseguilo, o plan, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar en estreita colaboración co Servizo Galego de Saúde, prioriza a coordinación dos recursos sociosanitarios, que podería permitir unha optimización do gasto sanitario por un importe estimado de arredor de 30 millóns de euros anuais. Ademais, a integración da tecnoloxía na xestión dos servizos sociais permitirá un aforro de 4 millóns de euros ao ano.

Integración dos sistemas de información

Unha das claves do plan é a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre os sistemas sociosanitario e as administracións local e autonómica,

dispoñible para todos o axentes implicados con toda a información relevante dos usuarios e coa carteira de servizos global.

A creación desta plataforma tecnolóxica facilitará a implantación efectiva da historia social única dos usuarios, que poderá integrarse coa historia clínica e simplificará o labor dos preto de 30.000 profesionais que integran o Sistema galego de servizos sociais.

A dispoñibilidade desta información e a coordinación entre os diferentes sistemas e axentes implicados permitirá predicir necesidades e desenvolver políticas de prevención.

Fomento do autocoidado preventivo

Outro dos eixes do plan é a modernización da xestión dos centros asistenciais, orientándoos cara a unha especialización en coidados de longa duración evitando, no posible, as estancias en hospitais. Esta medida irá acompañada da implantación dunha plataforma de teleasistencia social que favoreza o autocoidado preventivo no fogar, grazas ao seguimento dos usuarios e ao seu tratamento á distancia.

Para acadar estes obxectivos, a plataforma prevé servizos non intrusivos no fogar para a monitorización do usuario en tempo real, aplicacións de rehabilitación sensorial a través de smart TV ou tabletas e servizos de seguimento e localización de persoas con risco de extravío.

Axilizar a tramitación

A implantación de solucións tecnolóxicas na xestión dos servizos sociais será clave para maximizar a eficacia do sistema e conseguir un servizo de maior calidade e con capacidade para atender un número crecente de usuarios. Con esta finalidade crearanse ou melloraranse as ferramentas empregadas polos profesionais para a xestión da información, conseguindo reducir o tempo dedicado á xestión de solicitudes e unha xestión máis eficaz de pagamentos. Impulsarase a presentación de documentación en formato electrónico así como as notificacións telemáticas en lugar de empregar o correo ordinario.

Para conseguir estes obxectivos, o plan implica a colaboración de todo o sector, desde as administracións, os centros de atención e os colectivos profesionais na atención social, para unha mellor xestión das prestacións sociais e axilizar os tempos de resposta e optimizar os recursos das diferentes administracións.

Impulso do tecido empresarial e do sector TIC

As medidas establecidas no plan contribuirán ao desenvolvemento dun novo sector empresarial e profesional de notable impacto produtivo e de xeración de emprego, no cal Galicia pode ser un referente nacional e internacional.

Ademais, suporá un forte impulso ao sector TIC galego que poderá desenvolver proxectos innovadores no eido sociosanitario ao abeiro do plan.

SANTIAGO ACOLLERÁ EN SETEMBRO DE 2014 O PRIMEIRO CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE PEREGRINACIÓNS E TURISMO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Organización Mundial do Turismo e a Secretaría de Estado do Turismo para a organización deste encontro que terá lugar os días 17, 18 e 19 de setembro*
- *O encontro enmárcase nos actos conmemorativos do VIII Centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago (1214-2014)*
- *O título do evento será 'I Congreso internacional sobre peregrinacións e turismo: humanidade peregrina. O turismo e os camiños e lugares sagrados. Unha mirada cara ao pasado e ás perspectivas no século XXI'*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Organización Mundial do Turismo (OMT), Axencia Turismo de Galicia e mais a Secretaría de Estado do Turismo para a organización do primeiro Congreso internacional sobre peregrinacións e turismo, que terá lugar na capital galega entre os días 17 e 19 de setembro de 2014.

O congreso forma parte da programación dos actos conmemorativos do VIII Centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago (1214-2014) que se estenden dende mediados deste ano ata mediados do ano 2015.

O obxecto do acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta é establecer as bases de colaboración entre as partes para posibilitar a realización do *I Congreso internacional sobre peregrinacións e turismo: humanidade peregrina. O turismo e os camiños e lugares sagrados. Unha mirada cara ao pasado e ás perspectivas no século XXI.*

A OMT e a Xunta de Galicia formarán un comité organizativo conxunto que estará composto por funcionarios de ambos os organismos encargados de supervisar a preparación e a loxística do evento.

O congreso ten como finalidade sensibilizar a comunidade internacional sobre a crecente importancia das peregrinacións e do turismo espiritual; poñer de relevo o significado histórico e cultural das peregrinacións, tanto dos seus aspectos relixiosos coma seculares; así como das rutas culturais como fenómeno universal; discutir políticas e estratexias para a salvagarda e a xestión do patrimonio ao longo das rutas e resaltar a contribución positiva das peregrinacións ao crecemento sustentable, responsable e pacífico das economías e sociedades a escala global.

En virtude do acordo, a Secretaría de Estado do Turismo comprométese a tomar todas as medidas necesarias para facilitarlles a entrada, a estadia e a saída do territorio aos participantes.

A Organización Mundial do Turismo e a Xunta de Galicia enviarán convites conxuntos aos seus destinatarios oficiais. De igual modo, a Xunta de Galicia, de común acordo coa OMT, proporcionará para o congreso o persoal, a sala, os despachos e equipamentos necesarios para a organización e realización do congreso.

A OMT é un organismo especializado das Nacións Unidas e a principal organización internacional pública no eido do turismo, está integrada por 162 países e territorios, así como por máis de 400 membros afiliados que representan o sector privado, institucións de ensino, asociacións turísticas e autoridades locais de turismo.

A Secretaría de Estado é o órgano do Goberno de España encargado de levar a cabo políticas turísticas do Estado e a cooperación turística internacional, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

A XUNTA LICITARÁ DE INMEDIATO AS OBRAS DA DEPURADORA DE BARCALA, NO CONCELLO DE NEGREIRA, QUE DUPLICARÁ A CAPACIDADE DA ACTUAL PARA REMATAR COAS VERTEDEURAS AO RÍO

- *Esta actuación conta cun orzamento de máis de 6,6 millóns de euros*
- *Ademais da nova EDAR, o proxecto recolle un tanque de tormentas e novos tramos de colectores*
- *A nova infraestrutura terá capacidade para prestar servizo a unha poboación de preto de 10.000 habitantes, o dobre que a actual EDAR, que será demolida*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o expediente de contratación para as obras da estación depuradora de augas residuais de Barcala e dos correspondentes colectores xerais, no concello coruñés de Negreira. O paso dado hoxe polo Goberno galego permitirá licitar de xeito inmediato esta actuación, que conta cun orzamento de máis de 6,6 millóns de euros para dotar dun servizo de saneamento adecuado ao Concello de Negreira e eliminar as verteduras incontroladas ao río Barcala.

O proxecto que se levará a cabo prevé a construción dunha nova estación depuradora de augas residuais, un tanque de tormentas previo a esta para lograr a limitación das verteduras incontroladas ao río Barcala e novos tramos de rede de saneamento unitario no núcleo urbano, na bacía de Vilarchán. Tamén se incrementa a capacidade da actual EDAR, que vai ser demolida, para posibilitar a totalidade dos núcleos rurais da comunidade de Barcala.

Actualmente, Negreira conta cunha extensa rede de saneamento, na súa maior parte unitaria, e cunha estación de tratamento de augas residuais, posta en servizo no ano 1999, para unha poboación equivalente de 5.000 habitantes. A nova EDAR, considerada prioritaria na planificación hidráulica da Consellería de Medio Ambiente, duplicará a capacidade da actual.

Características das obras

O sistema de abastecemento presenta, nestes momentos, unha serie de deficiencias, como infiltracións e incorporación da auga dos ríos, que provocan un excesivo caudal de circulación pola rede, a cal, por mor da falta de capacidade hidráulica e da carencia dun sistema de retención, causa o rebordamento de parte dos colectores actuais.

Para solucionar estas incidencias, levaranse a cabo diferentes traballos que consistirán na construción dun tanque de tormentas ao final da rede de saneamento, de 2.600 metros cúbicos, así como un colector de entrada e un colector de alivio cara o rego Duomes na desembocadura do río Barcala. Estará composto por unha cámara en liña,

unha cámara de retención fóra de liña, unha cámara de desbastamento e unha de bombeo.

Ademais substituirase un colector que será o principal da bacía de Vilachán, posto que os diámetros actuais son moi pequenos, o cal ocasiona con excesiva frecuencia verteduras incontroladas aos ríos. O novo colector de PVC de 710 milímetros terá unha maior capacidade hidráulica e unha lonxitude de 1.089 metros.

Executarase unha impulsión xeral para o envío das augas residuais dende o tanque de tormentas ata a nova EDAR a través dun colector de 250 metros.

A nova estación depuradora de augas residuais siatuarase na zona de Negreira nunha parcela de 5.920 m² e terá unha capacidade para 9.500 habitantes. O caudal máximo de tratamento será de 411,48 m³/h en todos os procesos, o punto de vertedura será o río Tambre.

A XUNTA COLABORA CON VARIOS CONCELLOS NA XESTIÓN DOS CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE NO SECTOR GANDEIRO

- ***A Consellería financiará parcialmente o custo da xestión destes centros, a achega total será de 60.000 euros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe os convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e os concellos de Agolada, Lourenzá e Xinzo de Limia para a xestión dos centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro. O obxectivo dos convenios é establecer as condicións de xestión para a súa explotación, conservación e mantemento por parte dos mencionados concellos.

A normativa de sanidade animal establece a obriga xeral de limpeza e desinfección de todos os vehículos ou medios empregados no transporte dos animais de produción, unha vez realizada a descarga no centro de limpeza e desinfección máis próximo habilitado. Este centro deberá expedir un certificado do traballo realizado. Neste senso, resulta imprescindible a promoción das actividades destes centros, co obxecto de asegurar o establecemento de medidas preventivas en materia de sanidade animal.

Responsabilidades

A través destes convenios, os concellos de Agolada, Lourenzá e Xinzo de Limia serán os encargados de contratar o persoal necesario para a prestación do servizo; establecer e cobrar as tarifas que van satisfacer os usuarios, que se considerarán ingresos da actividade á disposición dos respectivos concellos; efectuarán o mantemento das instalacións e expedirán o certificado pertinente tras a realización da limpeza e desinfección.

Pola súa banda, a Consellería achegará aos concellos os importes definidos en concepto de contraprestación pola realización de labores de apoio ao mantemento dos estándares de sanidade animal. Así mesmo, facilitará o asesoramento técnico preciso para que os concellos poidan mellorar as condicións do servizo.

Orzamento

A Consellería financiará parcialmente o custo da xestión destes centros, sendo a achega total de 60.000 euros. En cada caso destinará 20.000 euros a cada municipio, á razón de 5.000 nos anos 2013, 2014, 2015 e 2016, respectivamente.

A XUNTA SIMPLIFICARÁ A TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE O USO DE CLAVES CONCERTADAS A TRAVÉS DO MÓBIL

- *O Consello da Xunta aproba o Protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*
- *Os cidadáns poderán realizar xestións a través da sede electrónica introducindo un código e sen necesidade de empregar o DNI ou un certificado electrónico*
- *Poderán solicitar o acceso a este servizo a través da sede electrónica e nas oficinas dos rexistros xerais da Xunta de Galicia*
- *Con esta medida simplifícase o acceso á tramitación en liña e facilítase o seu uso polos colectivos menos familiarizados coa tecnoloxía*

A Xunta simplificará a xestión telemática coa Administración facilitando o uso de claves concertadas para acceder á sede electrónica. É unha das medidas recollidas no protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobado hoxe polo Goberno galego.

Coa posta en marcha desta medida, que se prevé que estea operativa en 2014, a Xunta habilita un novo mecanismo de acceso a Administración electrónica para evitar que as persoas menos familiarizadas co emprego das novas tecnoloxías queden excluídas dos servizos electrónicos.

Para ser usuario deste sistemas só será necesario darse de alta no servizo, verificando a súa identidade nas oficinas de rexistro habilitadas ou ben a través da sede electrónica.

Unha vez verificada a súa identidade, o usuario recibirá no seu móbil unha clave de acceso, que empregará xunto co seu NIF para acceder á sede electrónica. Este mecanismo será transversal a toda á Administración xeral e o sector público de Galicia, permitíndolles aos cidadáns dispoñer dun único usuario e contrasinal con independencia da consellería ou entidade con que se relacione.

Deste xeito cada vez que queira realizar unha xestión, introducirá a clave de acceso e o NIF na sede electrónica e recibirá automaticamente no seu móbil un código de sinatura dun só uso e válido durante 24 horas para realizar o trámite. Este sistema aplicarase a determinados procedementos.

Homoxeneizar a sinatura e o documento electrónico

O protocolo establece tamén a implantación dunha política común de sinatura electrónica no Administración xeral e do sector público autonómico para aliñar e homoxeneizar os procedementos de sinatura electrónica e garantir a súa

interoperabilidade coa Administración do Estado. Ademais, determina as condicións para a publicación de documentos na sede electrónica.

A PRESENTACIÓN DE 11.000 PROCEDIMENTOS NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA PERMITIU AFORRAR 800.000 EUROS A CIDADÁNS E EMPRESAS

- *Un informe do Consello revela que no que levamos de ano a sede conta con preto de seiscentos procedementos dispoñibles e recibiu máis de 200.000 visitas*
- *O Goberno galego está a traballar para que en 2015 todos os trámites administrativos poidan ser realizados de forma electrónica*

Nos nove primeiros meses do ano presentáronse 10.910 procedementos a través da sede electrónica, unha vantaxe que permitiu aforrar a cidadáns e empresas máis de 800.000 euros. Este dato é un dos moitos que recolle o informe sobre a sede electrónica que este xoves elevou ao Consello da Xunta o vicepresidente, Alfonso Rueda.

O cálculo faise a través do denominado modelo de medición e redución das cargas administrativas -ou tamén chamado método simplificado-, un modelo consensuado coa Administración central do Estado que permite medir o aforro que supón a redución das cargas administrativas que implican a presentación de papel e de determinados documentos, dos que xa dispón a Administración.

O informe tamén avanza que ao longo do último trimestre do ano, a Vicepresidencia iniciará un importante labor de estudo e modificación de todas as normas que regulan algún procedemento aberto, é dicir, non suxeito a convocatorias; co horizonte de que para o 2015 todos os trámites da Xunta poidan ser realizados de forma electrónica.

Ademais, ata o 30 de setembro, o éxito da sede electrónica queda patente nos preto de seiscentos procedementos dispoñibles, nas máis de 200.000 visitas -case o dobre das realizadas en todo o 2012- e nos preto de 11.000 procedementos que se presentaron xa a través do enderezo <https://sede.xunta.es>. Neste sentido, é de salientar que o pasado mes de setembro o número de presentacións electrónicas medrou máis dun 300% en 2013 con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Por outra banda, en relación aos colectivos que utilizan a sede electrónica, o 45 por cento do total de trámites electrónicos foron realizados por empresas, fronte ao 39 por cento que corresponde a cidadáns e o 16 por cento restante que corresponde a outras administracións -fundamentalmente concellos- ou entidades.

A sede electrónica constitúe un dos eixes fundamentais dentro do Plan de modernización da Administración autonómica desenvolto pola Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), e que está operativa desde setembro de 2011 baixo a titularidade da Vicepresidencia da Xunta.

O principal obxectivo da sede é facilitarlle ao cidadán unha ferramenta para que se poida relacionar coa Xunta e realizar trámites administrativos desde o seu domicilio ou en calquera lugar no que dispoña dun ordenador con acceso á internet. Deste xeito, o cidadán pode iniciar un procedemento e presentalo sen ter que desprazarse a unha oficina da Administración, coa mesma validez que os que se realizan no Rexistro Xeral da Xunta, sen condicionantes de horarios -24 horas, 365 días do ano- e coa máxima seguridade.

A XUNTA ACTIVA REDEXGA, UN CENTRO PIONEIRO DE XESTIÓN ENERXÉTICA QUE AFORRARÁ 14 MILLÓNS NA FACTURA ELÉCTRICA DA ADMINISTRACIÓN NOS PRÓXIMOS 4 ANOS

- *A nova Rede de Enerxía da Xunta de Galicia ten incorporado xa 1.276 puntos de subministración eléctrica pertencentes ás 8 consellerías, o que permite integrar nun contrato único a factura eléctrica e diminuír o seu custo nun 13% ata 2017*
- *Créase o Centro Intensivo de Aforro, xestionado polo Inega, que analizará os consumos integrados en Redexga e traballa na súa optimización*
- *O Centro estudará a centralización doutro tipo de subministracións enerxéticas, prestará asesoramento enerxético e dará continuidade a proxectos de eficiencia enerxética e fontes renovables xa en marcha*

O Goberno galego acaba de activar a nova Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), un pioneiro sistema de xestión enerxética que centraliza a contratación eléctrica da Administración pública e coordina as actuacións que se van desenvolver neste eido polas diferentes consellerías. A través desta estrutura integral, que será xestionada polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a Consellería de Economía e Industria reforza a súa aposta pola eficiencia como un dos piares básicos da súa política enerxética, impulsando unha iniciativa que aforrará 14 millóns de euros na factura eléctrica da Administración durante os próximos 4 anos.

Para acadar esta cifra, Redexga centraliza a contratación enerxética racionalizando tanto o consumo como a subministración eléctrica. Neste sentido, a rede ten incorporado xa 1.276 puntos de subministración eléctrica pertencentes ás 8 consellerías. Esta cifra, que se irá ampliando no futuro, permite integrar nun contrato único a factura eléctrica dos centros integrados, diminuíndo o seu custo nun 13% ata 2017.

Esta centralización facilita, ao mesmo tempo, a posibilidade dunha xestión única, canalizada a través da creación do Centro Intensivo de Aforro Enerxético, que permitirá analizar os diferentes consumos integrados en Redexga e traballar na súa optimización, achegando asesoramento enerxético e propostas de aforro. Esta xestión única suporá unha mellora adicional da factura eléctrica, incrementando o aforro económico en 2 millóns de euros ata chegar aos 14 millóns previstos no 2017.

Nestes momentos, a rede conta xa cos puntos de subministración pertencentes a centros educativos, administrativos, sociais e doutros usos, cunha plasmación práctica no funcionamento diario da Administración e dos seus custos eléctricos. Así, a incorporación á Redexga supón un aforro económico anual do 13% para un centro educativo galego; superior ao 10% para un centro social; ou do 9% para un xulgado

tipo. Cifras que aspiran a mellorar grazas ao seguimento que se realizará desde o Centro Intensivo de Aforro Enerxético.

Neste sentido, o Centro non só analizará os puntos de subministración xa incorporados para optimizar o seu consumo, senón que, grazas á información manexada, estará tamén capacitado para desenvolver outras accións complementarias. Así, a unidade estudará a posibilidade de centralizar a contratación doutro tipo de subministracións enerxéticas como o gasóleo, o gas natural ou a biomasa; prestará asesoramento enerxético aos centros públicos; e dará continuidade aos distintos proxectos de eficiencia enerxética e fontes renovables postos en marcha en diferentes edificios públicos.

Todas estas actuacións, igual que a propia Redexga, encádranse dentro do Plan de aforro e eficiencia enerxética da Administración pública galega e permitirán diminuír nun 20% os consumos enerxéticos da propia Administración, o cal suporá un aforro económico total do 10% sobre a factura enerxética actual. Deste xeito, o Goberno galego reitera a súa aposta polo aforro e a eficiencia enerxética, posibilitando importantes aforros para as arcas da Administración que repercuten en beneficio de todos os cidadáns.